

A ESCOLA DA VIDA

## A socioloxía da vida

26.06.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Cando os sociólogos falan de crecemento vexetativo para referirse á diferenza entre os nados e os falecidos nunha poboación determinada, sempre me vén á cabeza o verbo vexetar ou, o que é o mesmo, pasar a vida sen alicientes. As frías estatísticas é o que teñen, falan de fotos, de situacións estáticas, cando a vida é de por si dinámica. Non se pode comprender a vida como unha foto senón como unha interacción entre as persoas e o mundo. E nesa interacción prodúcense cambios de forma continua que son os que dan moitas fotos, moitos vídeos, moita vida. Deterse nunha foto é perder de vista o dinamismo da vida. Por iso, cando se fala a partir dela de que o crecemento da poboación en Galicia, por exemplo, baixa ou sobe e, a partir de aí, fanse valoracións, achacándollelas a factores como o avellentamento, a natalidade, a constitución de parellas... e, aínda sobre isto fanse previsións de futuro, todo se volve unha insensatez.

A realidade numérica galega di que desde os anos oitenta a súa situación poboacional se mantivo constante nunha banda bastante estreita, aínda que desde entón hoube- se moitos e importantes cambios nos seus sectores produtivos (pasamos dunhas estruturas baseadas nos sectores primarios a outras de máis peso nos secundarios e terciarios), nos seus compoñentes poboacionais (hai máis inmigración que emigración e máis adultos que nenos), e así podiamos seguir enumerando outros compoñentes.

Non dubido da Socioloxía nin das súas interpretacións, pero relativízoas bastante. Voulles pór un exemplo máis próximo para que me comprendan un pouco mellor. Cada un de nós valorámonos en función do que pretendemos conseguir e das posibilidades que nos outorgamos para acadar os nosos obxectivos, mentres que os demais fano sobre os resultados que obtemos. O primeiro é a vida mesma, a que cada un de nós vivimos coas súas necesidades, avatares, éxitos e fracasos; o segundo é a foto que os demais van facendo de nós, na que non hai máis que valoracións finais. E iso é o crecemento vexetativo, unha foto dun momento que non ten en conta máis que valores superficiais, que algúns chaman macro, pero que non falan dos dese- xos e as transformacións humanas no seu proceso individual. Vivir para ver.